

# O silvopastoreo, a clave para a biosostibilidade




O sistema de cría dos porcos de raza Porco Celta é en réxime extensivo ou semiextensivo e a súa alimentación baséase no pastoreo dos recursos das parcelas suplementado con cereais e produtos hortícolas.

O aproveitamento do monte mediante silvopastoreo levado a cabo con exemplares desta raza porcina autóctona galega consegue unha limpeza natural e selectiva de amplas zonas do monte, de xeito que as árbores quedan protexidas do lume e con menos competencia polos recursos do solo.

Galicia é unha terra de clima temperado e con alta pluviometría, o que leva consigo unha alta produción de sotobosque que o Porco Celta aproveita para transformalo en carne saudable e de alta calidade grazas á sinerxía entre o potencial xenético da raza, o tipo de alimentación e o sistema de cría en liberdade.

Grazas á cría de Porco Celta, conservamos unha raza que é patrimonio xenético da nosa terra, ao tempo que producimos boa carne, poñemos en valor a paisaxe galega, contribuímos a fixar poboación en zonas desfavorecidas do rural e facemos camiño para lograr un futuro biosostible.



 /asoporcel.porcocelta  
 @porcoceltaasoporcel  
 @asoporcel

# PORCO CELTA

Un sistema de cría que protexe o pasado e garante un futuro sostible



## O proceso de recuperación do Porco Celta

A raza Porco Celta era a máis importante de Galicia ata comezos do século pasado. A chegada doutras razas foráneas con maiores rendementos cárnicos e menores tempos de crecemento e os cruzamentos con elas provocaron unha baixada censual que estivo a piques de facer desaparecer a raza do territorio.

Porén, esta situación comezouse a reverter no ano 1999, cando se iniciaron os traballos de recuperación e se implantou o programa de conservación e recuperación da raza Porco Celta.



## Características morfolóxicas

A raza Porco Celta agrupa animais de tamaño grande, que se caracterizan pola súa gran rusticidade, cun sistema óseo e muscular moi desenvolvidos, perfectamente adaptados para o pastoreo.

- **CABEZA.** De tamaño grande, forte, alongada e de perfil frontonasal de subcónico a recto, é no seu conxunto voluminosa. Fronte plana e proporcionada, forma unha aresta aguda na liña da caluga. Fociño ancho e grosso. Orelas grandes e caídas, que cobren os pequenos ollos.
- **PESCOZO.** Longo, estreito e forte.
- **TÓRAX.** Forte e profundo, con costelares pouco arqueados.
- **LOMBO.** Longo, lixeiramente inclinado e de manifesta musculatura, o que fai máis robusto o terzo anterior.
- **DORSO.** Estreito, longo, coa liña dorsolumbar arqueada.

- **GRUPA.** Caída, con desenvolvemento muscular medio. O rabo é grosso e longo, está provisto na súa extremidade dunha borla de sedas e, malia que a súa postura habitual é estilada, retórcese de modo típico cando o animal está nervioso.
- **VENTRE E XENITAIS DE FEMIAS.** Ventre recollido, con liña inferior plana, cun mínimo de 6/6 mamilas desenvolvidas, de implantación ampla e regularmente espazadas. Excepcionalmente, poderán admitirse exemplares con menos de 12 mamilas, sempre que a súa cualificación global sexa superior á suficiente e a xuízo do técnico avaliador. Vulva ben desenvolvida conforme á idade.
- **XENITAIS DE MACHOS.** Testículos ben formados, simétricos en lonxitude e tamaño.



- **EXTREMIDADES.** Extremidades ben formadas, longas e fortes, con articulacións limpas e definidas.
- **COR E PELO.** Dentro da raza Porco Celta existen tres ecotipos ou variedades segundo a tonalidade da capa. Segundo a cor, podemos distinguir tres variedades:
  - > **Santiaguesa:** capa branca, pel branca de cor rosada cuberta de abundantes sedas longas e fortes.
  - > **Barcina:** pintada con lunares de cor agrisada.
  - > **Carballina:** con manchas de cor negra, forte e brillante, que en ocasións chegan a cubrir case todo o corpo. Tamén existen exemplares con manchas de cor cobreada.



Variedade santiaguesa



Variedade barcina



Variedade carballina